

## Unidade 9. Sucesos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Subliña o complemento directo (CD) nas oracións seguintes.

- Paula mercou unha televisión nova.
- Presentaron unha reclamación ao concello.
- Construíron unha ponte no río Eo.
- Collín o autobús das oito e media.
- Alugaremos un piso na primeira liña de praia.

### 2. Subliña o complemento indirecto (CI) nas oracións seguintes.

- Regalei uns pantalóns aos xemelgos.
- Antonio compuxo un poema para a súa nai.
- Tes que pagar o diñeiro ao encargado.
- Fixéronnos uns traxes novos.
- Todas as mañás a avoa aloumiña o gato.
- Mercamos un axóuxere para María.

### 3. Identifica os complementos directos (azul) e indirectos (vermello) das seguintes oracións.

- O paxaro fixo un niño para os seus paxariños.
- Xoana facía empanadas de zamburiñas para os seus invitados.
- Fabio leva unha mazá no peto para a súa moza.
- Traio unha mensaxe para Xosé.

### 4. Completa estas oracións cun complemento directo ou indirecto. Resposta libre.


- O avó colleu \_\_\_\_\_.
- O mestre ensinou \_\_\_\_\_.
- Regaloume \_\_\_\_\_.
- O gato de Sara subiu \_\_\_\_\_.
- David escribiu un poema \_\_\_\_\_.
- Carlos resolveu o problema \_\_\_\_\_.
- Mercou unhas noces \_\_\_\_\_.
- Atopei no campo de fútbol \_\_\_\_\_.

## Unidade 9. Sucesos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 5. Le o seguinte texto con atención e coloca as maiúsculas onde sexa.

**Bachir** sentiuse furioso coa nota entre as mans. **Dedicoulle** uns minutos ao escrito, chegando a descifrar algunhas palabras soltas, pero pensou que sería mellor agardar a que **Magali** pasase por alí para que llo lese. **Con** coidadiño, púxose de costado e esfollegou o libro. Era outro número de **National Geographic**, co lombo e as cubertas sobados, con marcas de graxa nas follas. A **Bachir** dáballe vergonza non saber ler, pero unicamente cando estaba con amigos da súa idade. **Xustificaba** a súa ignorancia cunha manda de motivos, todos derivados da doenza, que sempre lle impedira unha asistencia regular á escola. **En** realidade, igual que con outros asuntos, aproveitaba os seus privilexios de enfermo para gozar dun mundo leve e cómodo, á medida das súas necesidades básicas. **Con** todo, curiosamente, compraciálle rodearse de libros, que sabía que lle abrían as portas a mundos diferentes do seu.



R. GÓMEZ

### 6. Completa.

- As maiúsculas escríbense.
  - Ao **principio** dun texto.
  - **Despois** de signos que pechan oracións.
  - Nos nomes **proprios**.
  - Nos **títulos** de libros, **películas**, cancións...

### 7. Ditado.

A casa de Laura era a última da rúa. A miña vila é pequena e antiga, ten unha igrexa de máis de catrocentos anos. Os sábados énchese de xente para celebrar unha xuntanza dos veciños. A escola é o único edificio moderno.

## Unidade 9. Sucesos

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 8. Le o texto seguinte.

Hoxe o seu pai volvía cedo. Lucas quedou ollando para el. O señor E. sorriu ao velo. Sentado coas pernas dobradas, Lucas apoiou a cabeza nos xeonllos. Da rúa chegou de súpeto a freada dun automóbil. Lucas aguantou a respiración, pero non moveu a cabeza cara á fiestra. Uns segundos despois o silencio volveu enchelo todo.—É o que teñen as guerras... — moumeou o pai—. O primeiro que remata é a tranquilidade.

Lucas lembrou entón cando empezara a guerra para el. Empezara unha tarde de domingo varios anos atrás. Paseaban polas rúas cruzando canais e vendo escaparates. Aínda que chovera, o sol asomaba timidamente naquela tarde de primavera serodía, e moitas familias ruaban coma eles. Pronto chegaría o verán e aquelas escapadas á praia que tanto lle gustaban, ou irían á casa da avoa. Os meses prometían diversión. A vida enteira prometía diversión. O verán prometía.

E de socato, aquel rumor xordo. Ao principio foi só un rumor. Como o eco distante dunha voz. Logo foi subindo e fixose cada vez máis forte: un ruído rítmico e grave.

As persoas miraron unhas para outras (...).


—Rematará algún día? —preguntou Lucas.

—Si. Chegan novas de cambios. E nese instante a conversa quedou suspendida no aire, cando a señora E. entrou pola porta. A nai de Lucas deixou a bolsa de pano azul riba da mesa da cociña e volveu xunto deles coas mans por detrás. Axeonllouse fronte aos seus dous homes e mirounos toda seria. Eles olláronse sorprendidos e agardaron algún tipo de sorpresa. A face da súa nai mudou de expresión.

—Alguén quere... —comezou a dicir. Logo ollou para os lados como quen vai facer algo malo— ...chocolate? E sacou de detrás unha libra envolta nun papel marrón. Os dous abriron a boca. Había tanto tempo que non probaban o chocolate que Lucas tivo que remexer na súa memoria para lembralo(...).

Lucas tomou nota para repetilo a próxima vez que comese chocolate. E durante aqueles minutos foi absolutamente feliz.

X. ESTÉVEZ



### 9. Contesta estas preguntas.

- Cal é o inicio do conto?

Desde o principio ata «O primeiro que remata é a tranquilidade».

- Cal é o nó?

Desde: «Lucas lembrou...» ata «Chegan novas de cambios...».

- E o desenlace?

Desde: «E nese instante...» ata o final.